

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 27 DE MAIO DE 2010

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e sete de maio de dous mil dez, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parcero Rial, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de abril de 2010

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de abril de 2010.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º Cadro de persoal

Vista a providencia da concelleira delegada de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior de data 5 de abril de 2010, e o informe-proposta emitido polo xefe da unidade de Réxime Interior, co visto e praxe do xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior de data 7 de abril de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa do Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior de data 13 de abril de 2010.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo vai votar en contra de todo o que teña que ver cos orzamentos que aprobou o equipo de goberno desa maneira en que o fixo, sen contar con ninguén.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo vai manter o voto que emitiron na comisión informativa, que foi de abstención, pero reafirmando unha vez máis que debería existir un diálogo máis permanente entre a Xunta de Persoal e os responsables do goberno, para que non sigan existindo as discriminacións salariais e doutro tipo e os agravios comparativos que se están producindo neste concello e, sobre todo, que se respecten os acordos das mesas de negociación.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que tamén tiñan falado na comisión informativa de que había unha serie de compromisos adquiridos o ano pasado, uns compromisos que se ían cumprir de inmediato, e que polo que sexa, seguen igual. Por todo isto, o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que o seu voto vai ser en contra, tendo en conta a falta de diálogo que houbo na elaboración dos orzamentos.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, votan en contra os sete concelleiros do PP, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita, e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Modificar o cadro de persoal aprobado polo pleno da corporación en sesión extraordinaria de data 10 de xullo de 2009, incrementando as prazas que a continuación se relacionan:

- 2 policíaas
- 1 auxiliar administrativo/a
- 3 conserxes (1 para o Centro de Formación Ocupacional e dous para Deportes)

Segundo: Aprobar o cadro de persoal para 2010 segundo se transcribe a continuación:

PERSOAL FUNCIONARIO

Denominación da praza	Prazas	Grupo-Subgrupo	Escala	Subescala	Clase
Secretaría Xeral	1	A1	Habilitación nacional	Secretaría	Superior
Interventor	1	A1	Habilitación nacional	Intervención-Tesourería	Superior
Tesoureiro	1	A1	Habilitación nacional	Intervención-Tesourería	Superior
Técnico	2	A1	Administración Xeral	Técnica	
Arquitecto	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Enxeñeiro de camiños, canles e portos	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Bibliotecaria-arquiveira	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Coordinador actividades culturais e educativas	1	A1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Coordinador de servizos sociais	1	A1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Técnico de xestión	2	A2	Administración Xeral	Xestión	
Aparellador	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico industrial	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico de obras públicas	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Graduado social	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Técnico de xestión económico-financeira	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Educador social	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Dinamizador cultural	1	A2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Administrativo	6	C1	Administración Xeral	Administrativo	
Delineante	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Encargado de servizos	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Encargado de obras	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Animador xuvenil	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Animador deportivo	2	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Inspector policía local	1	A2	Administración Especial	Servizos especiais	Policía Local
Oficial policía local	3	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Policía Local
Policía local	22	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Policía Local
Auxiliar administrativo	26	C2	Administración Xeral	Auxiliar	
Auxiliar réxime interior	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais

Auxiliar turismo	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Agente protección civil	4	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Informador xuvenil	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Conserxes	16	Outra agrupación profesional	Administración Xeral	Subalterna	

PERSOAL LABORAL

Denominación da praza	Prazas	Titulación categoría profesional
Axente de desenvolvemento local	2	Titulado superior
Técnico en promoción económica	1	Titulado superior
Traballadora Social	3	Titulado medio
Coordinador deportivo	1	Bachiller superior ou equivalente
Administrador sistema informático	1	Ciclo superior administración de sistemas informáticos, Formación profesional 2º grado ou equivalente
Informático auxiliar	1	Ciclo superior administración de sistemas informáticos, Formación profesional 2º grado ou equivalente
Auxiliar biblioteca-arquivo	6	Graduado escolar ou equivalente
Auxiliar monitora 3ª idade	1	Graduado escolar ou equivalente
Capataz de brigada de obras	1	Certificado de escolaridade ou equivalente
Oficial obras	1	Certificado de escolaridade ou equivalente
Condutor	1	Certificado de escolaridade ou equivalente
Operario condutor	2	Certificado de escolaridade ou equivalente
Operario-servizos	3	Certificado de escolaridade ou equivalente
Asistentas domiciliarias	2	Certificado de escolaridade ou equivalente

PERSOAL EVENTUAL

Denominación posto de traballo	Número de prazas
Asesor/a	2
RESUMO	
Persoal funcionario	108
Persoal laboral	26
Persoal eventual	2

3º Relación de postos de traballo

Vista a providencia da concelleira delegada de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior de data 5 de abril de 2010, e o informe-proposta emitido polo xefe da

unidade de Réxime Interior, co visto e prace do xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior de data 7 de abril de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa do Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior de data 13 de abril de 2010.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que a relación de postos de traballo, igual que o punto anterior relativo ao cadro de persoal, vai vinculada aos orzamentos, orzamentos que non foron negociados con ninguén, e polo tanto, ao igual que no punto anterior, o seu grupo vota en contra.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, votan en contra os sete concelleiros do PP, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita, e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Modificar a relación de postos de traballo aprobada polo pleno da corporación en sesión extraordinaria de data 10 de xullo de 2009, segundo se transcribe a continuación:

a) Recoller o incremento contemplado nas retribucións dos empregados públicos do Concello de Cambre para o exercicio 2010, que serán os previstos na Lei 26/2009, de 23 de decembro de 2009, de Orzamentos do Estado para o ano 2010 e, en concreto, o 0,3% con respecto ao ano 2009.

b) Incrementar os seguintes postos de traballo: 2 policía, 1 auxiliar administrativo adscrito a Educación e 3 conserxes (1 para o Centro de Formación Ocupacional e dous para Deportes)

Segundo: Aprobar a relación de postos de traballo para o 2010 segundo se transcribe a continuación:

Denominación do posto	Dot.	C.D.	C. Espec.	T.P.	F.P.	O.A.	SUBG	Escala	Subescala	Clase	Pers.	T.A.	Formac.	Observs.
											Laboral		Específica	
SECRETARÍA XERAL														
Secretaría xeral	1	30	23.650,33	S	C		A1	H.E.	Secretario	Superior	NO	L	1	D.D.H.
Técnico de xestión de administración xeral	2	24	10.909,51	N	C		A2	A.G.	Xestión		NO	D.	25	
Administrativo	1	22	5.061,05	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
Auxiliar administrativo	8	18	4.526,04	N	C	C3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Conserxe notificador	1	14	5.020,95	N	C		A.P.	A.G.	Subalerno		NO	C		
	13													

INTERVENCIÓN														
Interventor	1	30	23.650,33	S	C		A1	H.E.	Interv./Tesour.	Superior	NO	L	2	D.D.H.
Téc.de xestión orzamentaria gastos e contbdad.	1	24	10.909,51	N	C		A/1/A2	A.E.	Técnica	Téc.Medios/S	NO	L/D	3,11,25	
Téc.de xestión orzamentaria de Ing.e control F.	1	24	10.909,51	N	C		A/1/A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios/S	NO	D.	3,11,25	
Administrativo	1	22	5.061,05	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
Auxiliar administrativo	2	18	4.526,04	N	C	C3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
	6													
TESOURERÍA														
Tesoureiro	1	28	17.464,23	S	C		A1	H.E.	Interv./Tesour.	Superior	NO	L	2	
Administrativo	1	22	5.061,05	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
	2													
URBANISMO E RÉXIME INTERIOR														
Xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior	1	30	23.114,28	S	C		A1	A.G.	Técnica		NO	L	3	D.D.H.
Xefe de sección de planeamento e xestión	1	28	17.799,53	S	C		A1	A.E.	Técnica	Tec.Superiores	NO	L	4	D.D.H.
Xefe de sección de servizos	1	28	17.799,53	S	C		A1	A.E.	Técnica	Tec.Superiores	NO	L	5	D.D.H.
Técnico de Administración Xeral	1	25	15.389,35	N	C		A1	A.G.	Técnica		NO	L	3	
Aparellador	1	26	15.460,72	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	8	D.D.H.
Enxeñeiro técnico industrial	1	26	15.460,72	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	9	D.D.H.
Enxeñeiro técnico en obras públicas	1	24	10.867,18	S	C		A2	A.E.	Ténica	Tec.Medios	NO	D.	22	D.D.H.
Xefe de unidade de réxime interior	1	26	15.460,72	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	14	D.D.H.
Administrador sistema informático	1	22	5.291,75	N	C		C1				SI	FPII	17	D.D.H.,
Delineante	1	22	6.448,39	N	C		C1	A.E.	Técnicos	Auxiliares	NO	FPII	16	D.D.H.
Encargado de obras	1	22	6.448,39	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	B*		
Encargado de servizos	1	22	6.448,39	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	B*		
Administrativo	3	22	5.061,05	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
Auxiliar administrativo	7	18	4.526,04	N	C	C3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Auxiliar réxime interior	1	18	4.526,04	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	G*		
Informático auxiliar	1	16	4.526,77	N	C		C2				SI	CS	23	
Capataz de Brigada de Obras	1	14	12.290,54	N	C		A.P.				SI	C		D.D.H.
Conserxe telefonista	1	14	3.539,27	N	C		A.P.	A.G.	Subalerno		NO	C		
Conserxe	1	14	3.539,27	N	C		A.P.	A.G.	Subalerno		NO	C		
Oficial de obras	1	14	3.625,90	N	C		A.P.				SI	C		
Operario condutor	2	14	3.211,70	N	C		A.P.				SI	C	19	
Operario servizos múltiples	3	12	3.073,80	N	C		A.P.				SI	C		
	33													
POLICÍA LOCAL														
Inspector policía local	1	22	14.536,64	S	C		A2	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	D.		D.D.H.
Oficial policía local	3	18	13.899,64	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
Policía local	21	16	13.394,61	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
Coordinador de Protección Civil	1	16	13.394,61	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
Auxiliar administrativo	1	18	4.526,04	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		

Axente protección civil	4	14	6.762,28	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	G*		D.D.H.
	31													
SERVIZOS SOCIAIS														
Coordinador servizos sociais	1	26	12.791,90	S	C		A1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	L	7	D.D.H.
Educador social	2	24	7.194,99	N	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	12	D.D.H.
Traballadora social	3	24	5.145,24	S	C		A2				SI	D.	15	
Auxiliar administrativo	2	18	4.526,04	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Auxiliar monitora da 3ª idade	1	18	3.182,87	N	C		C2				SI	G*		
Traballadora familiar	2	12	2.380,13	N	C		A.P.				SI	C		
	11													
CULTURA, EDUCACIÓN E DEPORTE														
Coordinador de Activ. culturais e educativas	1	26	12.791,90	S	C		A1/A2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	L		D.D.H.
Bibliotecaria arquivista	1	25	16.429,29	S	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Superior/Media	NO	L/D	6	D.D.H.
Dinamizador Cultural	1	24	7.194,99	N	C		A2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	D.		D.D.H.
Coordinador deportivo	1	22	6.012,18	N	C		C1				SI	B*	18	D.D.H.
Animador Xuvenil	1	22	6.448,39	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	B*		D.D.H.
Animador Deportivo	2	22	6.448,39	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	B*		D.D.H.
Auxiliar administrativo	4	18	4.526,04	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Auxiliar de turismo	1	18	4.526,04	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	G*		D.D.H.
Auxiliar de biblioteca-arquivo	6	18	3.182,87	N	C		C2				SI	G*		
Informador xuvenil	1	18	4.526,04	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Espec.	NO	G*	21	D.D.H.
Conserxe instalacións deportivas	8	14	7.153,10	N	C		A.P.	A.G.	Subalerno		NO	C		J.N.
Conserxe de colexios públicos	3	14	3.539,27	N	C		A.P.	A.G.	Subalerno		NO	C		
Conserxe	1	14	3.539,27	N	C		A.P.	A.G.	Subalerno		SI	C		
	31													
EMPREGO														
Responsable axencia de desenvolvemento local	1	26	11.419,19	S	C		A1				SI	L		D.D.H.
Axente desenvolvemento local	1	25	8.269,81	N	C		A1				SI	L	3,7,10,11	D.D.H.
Técnico en promoción económica	1	25	8.269,81	N	C		A1				SI	L	3,10,11	D.D.H.
Auxiliar administrativo	1	18	4.526,04	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
Conserxe	1	14	3.549,89	N	C		AP	A.G.	Subalerno		SI	C		
	5													
ALCALDÍA														
Auxiliar de Alcadía	1	18	11.183,32	N	C		C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		D.D.H.
Asesor/a	2	24	7.469,98	E	I		A2					L/D		
Condutor de alcaldía	1	14	11.269,00	N	C		A.P.				SI	C	19	D.D.H.
	4													
	136													

4º Proposta de aprobación do expediente de modificación orzamentaria de suplemento de crédito número 1/2010

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de maio de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 25 de maio de 2010.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que aínda que o seu grupo está de acordo con que se dea a subvención á escola Sementeira, vanse abster neste punto polas formas, porque acaban de aprobarse os orzamentos e pensan que o mellor é absterse.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que a subvención á escola de música Sementeira, como podería ser a calquera outra asociación ou organización, é un recoñecemento a un labor e a unha traxectoria chea de éxitos no campo da música, porque non cabe dúbida de que lle deu e que lle segue dando unha proxección importante ao Concello de Cambre no ámbito da cultura. Por iso o voto do seu grupo vai ser a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita, e abstéñense os sete concelleiros do PP.

A corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de suplemento de crédito número 1/2010 por importe de 10.000,00 euros na partida orzamentaria 334.48901 “Escola de baile e música Sementeira”.

A devandita modificación financiarase con baixa na partida “338.22608 Festexos populares”.

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

5º Aprobación, se procede, do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano da Coruña

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Transportes, Mobilidade e Patrimonio de data 20 de maio de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Transportes, Mobilidade, Patrimonio, Cultura e Contratación de data 25 de maio de 2010.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo vai cambiar o voto de abstención emitido na comisión informativa e van votar a prol da proposta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que eles xa dixeron que o seu voto ía ser a prol da proposta, porque cren que no concello teñen a obriga de facilitar un transporte público aos veciños nas mesmas condicións que están gozando outros nestes momentos, que non haxa discriminacións entre os veciños, porque todos pagan os mesmos impostos.

Di que o programa está ben, pero que co tempo teñen que ir comprobando os seus resultados. O que botan en falta son suxestións encamiñadas á renovación do parque de vehículos, porque os usuarios protestan porque din que o parque de vehículos de Cambre está bastante anticuado, e algúns son verdadeiramente pouco funcionais. Cre que nese sentido dende o goberno municipal deberíase chamar un pouco a atención e procurar que os autobuses estean en mellores condicións. Tamén se debería esixir aos concesionarios do transporte que cumpran os horarios, sobre todo nas cabeceiras de saída que é onde hai atrasos importantes. Eles mesmos se preocuparon de comprobalo e así é.

Outro tema do que queren falar é do que vén na estipulación segunda do documento. Pregunta se lles poden informar con máis precisión de cales van ser as medidas que vai adoptar o grupo de goberno do concello para promocionar e potenciar un pouco máis o transporte público no concello.

O Sr. alcalde contesta que dende o Consorcio o que se está facendo agora mesmo é ampliar algunhas áreas urbanas internas de Cambre, e o que se pretende é facer un transporte máis curto, reducir o tempo, é dicir, antes era cada media hora, agora van tentar que sexa cada vinte minutos. Vaise estudar o abano de xente que máis usa o transporte durante o día. Di que de todo isto se irá informando porque quedou a comunidade autónoma de facer un estudo sobre o tema.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, tendo en conta o que di a estipulación segunda, el o que preguntaba era que campañas se van facer para que a xente utilice máis o transporte público. El referíase a iso, nada máis.

O Sr. alcalde responde que a Dirección Xeral de Transportes está con ese tema e que xa lles informarán.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que el quere insistir, porque no convenio se estipula que dende o concello se van facer campañas, por iso pregunta se o Concello de Cambre ten pensado xa algunha campaña en concreto.

O Sr. alcalde contesta que a campaña vai ser informar á xente de todas as melloras que se van levar a cabo, e cando veña o billete único, pero que vai ser non só en Cambre senón en todos os concellos do contorno.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstense a concelleira non adscrita.

A corporación, por vinte votos a prol, acordou:

Aprobar o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os concellos da Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano da Coruña, que foi rexistrado de entrada ao núm. 4291 o día 29 de marzo de 2010.

6º Proposta de constitución da Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero

Vista a proposta da concelleira delegada de Políticas de igualdade e participación da muller, Información e asesoramento da xuventude, Ocio e tempo libre de data 19 de maio de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo de data 25 de maio de 2010.

Vista a proposta da concelleira delegada de Políticas de igualdade e participación da muller, Información e asesoramento da xuventude, Ocio e tempo libre, de data 26 de maio de 2010, pola que se modifica o ditame emitido pola comisión informativa do día 25 de maio, suprimindo o seu apartado cuarto, respecto da creación dunha submesa de atención directa ás vítimas.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo vai cambiar o voto de abstención emitido na comisión informativa e van votar a prol da proposta.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que xa faloron cos voceiros e concelleiros da corporación da pequena modificación sobre o ditame que se emitiu na comisión. Trátase dunha corrección

semántica para eliminar un termo que pode inducir a confusión, porque non é obxecto desa mesa, que é eliminar a palabra “atención” dentro da exposición da proposta inicial, de xeito que quedaría como “Creación da Mesa de coordinación interinstitucional para a prevención da violencia de xénero”, eliminando a frase de “e atención ás vítimas” xa que non é a súa misión a intervención.

No mesmo sentido elimínase o punto cuarto da proposta, que era crear a submesa de atención directa ás vítimas de violencia, porque se consideraba que podía ser unha directriz que acordada pola propia mesa de coordinación, que foran logo as concellerías e as institucións competentes as que decidiran a súa creación.

A Sra. secretaria da corporación explica que respecto da modificación da expresión “Mesa de coordinación interinstitucional para a prevención da violencia de xénero e atención ás vítimas”, esa denominación só figuraba arriba no asunto, pero que xa non figuraba na parte expositiva nin na parte dispositiva da proposta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu voto vai ser a prol e que agardan que esta mesa sexa operativa e efectiva.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa modificación efectuada ao ditame emitido pola comisión informativa, suprimindo o seu apartado cuarto, relativo á creación dunha submesa de atención directa ás vítimas, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Crear, con carácter permanente, a Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, como órgano consultivo do Concello de Cambre, co obxecto de coordinar as actuacións na prevención, asistencia e persecución dos actos de violencia de xénero.

Segundo: A Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero integrarase polos membros seguintes:

- O alcalde ou persoa en quen delegue
- A concelleira de Políticas de igualdade e Participación da muller
- Representante da Subdelegación do Goberno
- A secretaria da corporación ou persoa en quen delegue
- O/a técnico/a que teña asignadas as funcións de Igualdade no Concello de Cambre
- Un/ha traballadora social de Servizos Sociais
- Un/ha representante da Policía Local
- Un/ha representante da Garda Civil

- Un/ha representante dos centros de saúde
- Un /ha representante do Xulgado de Violencia de Xénero
- Un/ha representante dos CEIPs
- Un/ha representante dos IES

Terceiro: A Mesa reunirse de forma ordinaria dúas veces ao ano: a primeira reunión será dentro do primeiro trimestre do ano e a segunda dentro do cuarto trimestre. Convocarase cunha antelación mínima de 15 días naturais antes da reunión.

A Mesa poderá reunirse as veces que estime oportuno con carácter extraordinario e bastará con convocala cunha antelación de 24 horas.

7º Mocións

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que hai un informe da tesoureira municipal sobre a delegación da xestión catastral na Deputación, do que xa faláron na xunta de voceiros. Explica que se ten asinado coa Dirección Xeral do Catastro un Convenio de colaboración en materia de xestión catastral que supón un custo de 13.740 euros/anuais para o concello, agora trátase de delegar a facultade para que se faga cargo, de forma gratuíta, a Deputación.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a corporación, trátase a seguinte moción:

A) Proposta de delegación na Deputación Provincial da Coruña da facultade de establecer acordos ou convenios coa administración tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección do Imposto sobre bens inmobles

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes de data 21 de maio de 2010.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, cumpríndose coa maioría absoluta do número legal de membros esixida no art. 47.2 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, acordou:

Primeiro: Denunciar o Convenio de Colaboración en materia de xestión catastral que o Concello de Cambre asinou o 2 de xuño de 2000 coa Dirección Xeral do Catastro, de conformidade co disposto no Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario que

establece que a formación e mantemento do Catastro Inmobiliario e a difusión da información catastral é de competencia exclusiva do Estado a través da Dirección Xeral do Catastro, directamente ou a través das distintas fórmulas de colaboración coas diferentes administracións, entidades e corporación públicas.

Segundo: Delegar na Deputación a facultade, de acordo co previsto no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, de establecer acordos ou convenios coa Administración Tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección do Imposto sobre bens inmobles, dada a existencia dun Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Dirección Xeral do Catastro e a Deputación Provincial da Coruña, de 24 de marzo de 2003.

Terceiro: Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de trinta días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación para a presentación de alegacións ao devandito acordo. De non presentarse alegacións dentro do prazo establecido, este acordo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

Cuarto: Trasladar o acordo definitivo á Deputación e á Dirección Xeral do Catastro para os efectos oportunos.

Quinto: Publicar o acordo definitivo no BOP e no DOGA, para xeral coñecemento, de acordo co previsto no artigo 7.2 do TRLRFL.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que hai outra moción da que faláron na xunta de voceiros, relativa á situación do colexio Santiago Apóstolo. Di que nesa xunta comunicáronlles que por parte do BNG e do PSdeG-PSOE se ía presentar esta moción, coa idea de que fora unha moción institucional, e pediron aos grupos que lles comunicaran se a querían apoiar.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a corporación, trátase a seguinte moción:

B) Moción conxunta dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG en apoio do Centro de Asistencia e Educación Especial Santiago Apóstolo (A Coruña)

Consta do seguinte teor literal:

“A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, no seu artigo 2 define a dependencia como “o estado de carácter permanente en que se atopan as persoas que, por razóns derivadas da idade, a enfermidade ou a discapacidade, e ligadas á falta ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan da atención doutra ou outras persoas ou

axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria ou, no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, doutros apoios para a súa autonomía persoal.

A denominación “persoa con discapacidade” refírese á imposibilidade desa persoa de asegurarse total ou parcialmente por si mesma das necesidades dun individuo normal e/ou unha vida social, coma resultado dunha deficiencia, sexa conxénita ou non, na súa capacidade física ou mental. Isto imprica que posúen unhas necesidades especiais que deben ser atendidas para acadar un desenvolvemento integral que lles facilite a súa integración na sociedade.

Deste xeito, por mor da súa especial vulnerabilidade a Constitución Española nos seus artigos 49 e 50 refírese á atención ás persoas con discapacidade e a un sistema de servizos sociais promovido polos poderes públicos para o benestar da cidadanía. Dende o ano 1978 os elementos centrais do modelo de benestar evolucionaron por mor das novas realidades sociais que fan que o nivel dos servizos sociais, desenvolvidos fundamentalmente polas Comunidades Autónomas sexan o cuarto pilar do Estado do Benestar en especial o que se refire á atención ás persoas en situación de dependencia.

Desta maneira xurden novas normas lexislativas, tanto estatais como autonómicas que regulan a atención e os dereitos das persoas en situacións de dependencia. Así, apróbase a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (LD, lei de dependencia), ou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG) onde destaca o recoñecemento dun conxunto de dereitos recoñecibles deixando atrás anteriores meras visións asistenciais para centrarse nas obrigas que as Administracións Públicas teñen en relación coa atención integral deste colectivo da cidadanía.

Así, as últimas normas lexislativas inspíranse, nun primeiro punto, no carácter público das prestacións para a Autonomía e a Atención á Dependencia, a universalidade, a atención integral e integrada, a transversalidade das políticas de atención, a creación de redes de Servizos Sociais de carácter autonómico e a atención preferente das persoas en situación de gran dependencia, entre outros principios. En concreto, a Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, nas súas Disposicións Xerais establece que “(...) os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e esixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude (...)”

O Catálogo de Servizos é definido como o conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións, a ofertar polas Comunidades Autónomas. A LD establece, entre outros, o servizo de centros de día e noite e o servizo de atención residencial. En canto á LSSG, determina a atención residencial, que comporta aloxamento, continuado ou

temporal, substitutivo do fogar, e a atención diúrna, con coidados persoais e actividades de promoción e prevención que non requiran o ingreso nun centro residencial.

A realidade é ben distinta, consultada a Rede de Centros de Atención á Discapacidade da Consellería de Traballo e Benestar, atopamos que, para toda Galicia, tan só existen cinco centros de titularidade pública, tres deles cun ámbito de actuación autonómico, como son o CAEE Santiago Apóstolo (A Coruña), o CAMP de Sarria (Lugo) e o CAMP de Redondela (Pontevedra). De ámbito comarcal atopamos o Centro Ocupacional “O Saíar” de Caldas de Reis (Pontevedra) e a Unidade Asistencial “O Saíar”, na mesma localidade.

Consultando o Censo de persoas con discapacidade (actualizado a data 17/03/10), constatamos que en Galicia, existen 73.383 persoas con discapacidade psíquica, coa seguinte distribución provincial:

PROVINCIA	Nº PERSOAS	PORCENTAXE
A Coruña	31.826	43,37 %
Lugo	9.224	12,57 %
Ourense	6.890	12,57 %
Pontevedra	25.443	34,67 %

O reparto de prazas por provincias, poderíamos resumilo da seguinte maneira:

PROVINCIA	TIPO DE ATENCIÓN	Nº PRAZAS
A Coruña	Diúrna	120
	Residencial	80
Lugo	Diúrna	20
	Residencial	120
Ourense	Diúrna	0
	Residencial	0
Pontevedra	Diúrna	61
	Residencial	120
Total Galicia	Diúrna	201
	Residencial	320

Os datos son bastante elocuentes, para un total de 73.383 persoas con discapacidade intelectual, tan só existen 521 prazas públicas de atención a este colectivo. Aínda así, o CAEE Santiago Apóstolo de A Coruña, está sufrindo nos últimos tempos, unha diminución substantiva no número de usuarios aos que atende, tendo unha porcentaxe importante das súas prazas sen ocupar e, o máis grave, a propia Consellería de Traballo e Benestar, deriva usuarios tutelados pola Xunta de Galicia a centros concertados, trasladándoos, dende centros públicos.

Actualmente, o CAEE Santiago Apóstolo, posúe un cadro de persoal, segundo datos da RPT de 193 traballadores e traballadores, distribuídos nos distintos grupos e categorías precisos para a atención integral dos seus usuarios. Isto supón unha importante creación de emprego, tanto directo (listas de substitución da Xunta de Galicia), coma indirecto para toda a provincia e, en especial, para a comarca da Coruña. En canto á creación de postos de traballo indirectos, temos que sinalar ás empresas proveedoras que subministran ao Centro, taxis, comercios, etc, que fan do CAEE Santiago Apóstolo un dinamizador económico da comarca.

No artigo 1.2 da Lei de servizos sociais de Galicia indican que”... os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e esixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan, (...), co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude...” Pero, se a Consellería de Traballo segue coa súa estratexia de baleirar o centro de recursos, non investir en melloras de infraestruturas e dotación material e, nunha palabra non potenciar un centro de referencia na atención á discapacidade intelectual, como é o Santiago Apóstolo, todos estes postos de traballo, directos e indirectos, perigan na súa continuidade. O Centro, supón un servizo de calidade para os usuarios e un recurso público fundamental tanto para a área metropolitana da Coruña como para a provincia no seu conxunto, polo que non se pode permitir nin a súa deterioración nin a súa desaparición, máxime coa endémica falta de recursos públicos para a atención das persoas con discapacidade intelectual.

Conscientes do potencial do CAEE Santiago Apóstolo, durante o anterior Goberno Autonómico asinou se un protocolo de actuación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar no sentido da división efectiva entre as competencias de ámbalas dúas Consellerías, co mantemento dun colexio e internado dependentes da Consellería de Educación e a creación, por parte da Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar, dun Centro de Atención a Persoas con Discapacidade, un Centro de Día e un Centro de Dano Cerebral.

Desta forma SOLICITAMOS:

1. Que por parte da Consellería de Traballo e Benestar e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria se retome o Acordo da Comisión Mixta prevista no Protocolo de Colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, asinado en Santiago o 18 de xullo de 2008 para o seu efectivo cumprimento.
2. Que por parte da Xunta de Galicia se efectúe o desenvolvemento da Lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, en vigor dende o 18 de marzo de 2009, na que se definen os servizos sociais como un sistema público de servizos, constituíndose

no cuarto pilar do benestar, e onde é recoñecido o dereito aos servizos sociais como un dereito subxectivo das persoas, do conxunto da poboación.

3. Que por parte da Xunta de Galicia se realice a aprobación e desenvolvemento do Catálogo de Servizos Sociais definido na Lei de Servizos Sociais de Galicia.

4. Que por parte da Consellería de Traballo e Benestar se produza a creación de prazas públicas residencias e de atención de día para as persoas con discapacidade intelectual e a consolidación, promoción e mellora das existentes na actualidade.”

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que este é un caso típico de aproveitamento político dunha situación. O que empeza como un conflito laboral trasládase aos concellos e lese unha moción que ten unha exposición de motivos coa que ninguén debería estar en contra, agora ben, pídesse que por parte da Xunta de Galicia se efectúe o desenvolvemento da Lei 13/2008, que entrou en vigor o 18 de marzo do 2009, cando xa estaba en funcións o goberno anterior. Pensa que esta é unha moción política que non ten nada que ver co que se está falando na exposición de motivos e, polo tanto, o seu grupo está de acordo con esa exposición de motivos, pero aínda así van votar en contra porque como dixo é unha moción política.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, expón que o seu grupo non pode manifestarse contrario a este tipo de moción, a este tipo de sensibilidade que ten que haber coas persoas discapacitadas. Cre que aquí habería que deixar un pouco o tema político a un lado e mirar porque se cumpra a Lei de dependencia, e favorecer a eses traballadores que están loitando, nin máis nin menos, polo benestar das persoas discapacitadas. O voto do seu grupo vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que nese mesmo sentido vai ser o seu voto, vai ser a prol, precisamente pola carencia que hai de prazas para discapacitados. Hai algúns temas cos que tampouco está de acordo, pero pensa que o fundamental ten que ser a xente con ese tipo de problemas, e cre que hai que ter un pouco máis de sensibilidade, por iso vai votar a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que o seu voto tamén vai ser a prol da moción.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que efectivamente é un tema político, cada quen que aproveite na política o que queira, pero que vén motivado por decisións políticas, é dicir, hai unha institución, co poder que lle dá a lexitimidade de ter o goberno, que é a que toma unha serie de decisións.

Di que esta moción non foi elaborada dende ningún grupo deste concello e tampouco dende o goberno municipal, é unha moción que lles pasaron os traballadores e traballadoras dese centro, para que puideran amosar a súa solidariedade con eles.

Explica que eles apoian a moción por dous motivos, un por solidariedade cos traballadores e traballadoras do centro Santiago Apóstolo, polas súas reivindicacións laborais, e outro pola cuestión de fondo, que eles pensan que neste caso é o máis importante. Di que ante o déficit que hai de atención, de prazas de día, de residencias, para as persoas que sufren ese tipo de discapacidade, dende logo un centro que é referencia en Galicia e que cubre unha porcentaxe baixísima das necesidades que hai, deben de politicamente tomar a decisión de apoialo. Ese é o sentido político que ten, que hai unha liña política que quere desmantelar os servizos públicos de atención á discapacidade e hai outras liñas que din que non. Trátase simplemente de tomar unha posición sobre iso.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que é moi fácil dicir o que se acaba de escoitar, tamén el o dixo antes, que o seu grupo estaba de acordo coa exposición de motivos, pero non poden estar de acordo co que se acaba de dicir de que é unha liña política que está a prol dunhas cousas e doutras está en contra. Di que non se pode dicir iso, dende o PP, en España, en Galicia e en Cambre, para nada se está niso, pero como dixo antes hai fundamentos de fondo que son os que lles obrigan a votar en contra. Polo tanto, pídelle ao voceiro do BNG que non diga iso que acaba de dicir de que unha liña política está a prol e outra non, porque o certo é que están todos a prol, e iso debería telo bastante claro.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, dona M^a Jesús Vieites Mariñas, concelleira do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita, e votan en contra os restantes seis concelleiros do PP.

A corporación, por quince votos a prol, acordou aprobar a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP de rexeitamento ao anuncio do Goberno polo que se propón a conxelación das pensións. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstéñense os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a corporación, por dezaséis votos a prol, cúmplíndose coa maioría absoluta esixida nos artigos 99.4 e 108.5 do Regulamento orgánico municipal, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP.

C) Moción do grupo municipal do PP de rexeitamento ao anuncio do Goberno polo que se propón a conxelación das pensións

Rexistrada de entrada ao núm. 7173 o día 21 de maio de 2010. Consta do seguinte teor literal:

“ As graves dificultades económicas e de paro que vive o noso país e o desmesurado déficit público, obrigan a adoptar medidas extraordinarias, tamén esixidas pola nosa pertencencia á zona euro, que á súa vez atravesamos un período de inestabilidade ao que é preciso dar solucións coordinadas. Neste contexto o Presidente do Goberno anunciou o pasado 12 de maio no Congreso de los Diputados algunhas decisións que, de adoptarse, lesionarían inxusta e inxustificadamente a máis de 5 millóns de pensionistas, rompendo de paso un dos logros maiores da nosa democracia: o Pacto de Toledo. Convén recordar que o dito Pacto de Estado acadouse en 1995 entre todos os grupos parlamentarios, e mereceu o respaldo dos sindicatos en 1996 mediante o Acordo sobre consolidación e racionalización do sistema de pensións.

Estes acordos, froito dun amplo e responsable diálogo político e social, sacaron á nosa Seguridade Social da incerteza económica e garantiron un sólido compromiso de todos para facer viable e sostible a nosa Seguridade Social. 500.000 millóns de pesetas de déficit, inseguridade de poder cobrar as pensións e incerteza dos pensionistas para manter o seu poder adquisitivo foron, entre outras, razóns para que todos os partidos asumiran o Pacto de Toledo e as súas recomendacións.

A Lei 24/1997, de 16 de xullo, de consolidación e racionalización da Seguridade, foi resultado directo do Pacto de Toledo, cuxo cumprimento quíxose garantir coa participación de todos os grupos parlamentarios, constituíndo para o efecto unha Comisión no Congreso de los Diputados. Esta Comisión foi avaliando o cumprimento de compromisos e recomendacións dende entón e fíxoo con eficacia e con rigor baixo diversos gobernos.

Na actualidade está examinando un documento de data 29 de xaneiro de 2010, enviado polo Goberno para exame e debate, de modo que os acordos que puideran acadarse deran lugar a aquelas reformas e modificacións legais pactadas entre todos os grupos políticos, sen esquecer a participación dos axentes sociais no proceso de diálogo social actualmente aberto. O anuncio de recortes nos dereitos dos pensionistas, principalmente o dereito á revalorización en función do IPC (artigo 11 da Lei 24/1997, de 16 de xullo), vén a romper o Pacto de Toledo, unha das máis importantes conquistas da nosa democracia. Estes recortes privan de dereitos a máis de cinco millóns de pensionistas e

fainos retroceder aos tempos nos que o Goberno, segundo criterios de oportunidade e de conveniencia política, daba ou negaba a revalorización das pensións e, polo tanto, daba ou quitaba poder adquisitivo ás debilitadas economías dos pensionistas.

Produciríanse outros efectos adicionais e indesexables de empobrecemento para os pensionistas ao bloquear “sine die” a base sobre a que se actualizarían as pensións tralo bloqueo da súa contía que propón agora o Goberno. A experiencia indica que este tipo de medidas, combinadas coa elevación de impostos, en especial o IVE (2 puntos de subida en xullo próximo), xeran problemas engadidos no consumo e no emprego, cuxa evolución, se non se corrixe con reformas adecuadas, poñerá en perigo os ingresos por cotizacións, que son esenciais para manter o noso sistema de Seguridade Social.

Por estes motivos o grupo municipal do Partido Popular no Concello de Cambre solicita a este pleno a declaración de urxencia desta moción, pola que presenta para o seu debate e posterior aprobación polo mesmo pleno municipal a seguinte PROPOSTA:

Primeiro: Instar ao Goberno da Nación a que elimine as medidas previstas para a supresión da revalorización das pensións contributivas.

Segundo: Solicitar que se convoque a Comisión do Pacto de Toledo de modo urxente para reanudar os seus traballos, co fin de que se acorden por todos os grupos as reformas que sexan necesarias para que se garantice a viabilidade e o futuro do noso sistema de Seguridade Social.”

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que a posición do seu grupo foi non votar a urxencia desta moción, non apoiaron a urxencia, pero si quere facer algunhas apreciacións. Di que a primeira delas é que agora poderían facer, ao revés, as mesmas intervencións que se fixeron na moción anterior, pero cambiándose o nome, porque a outra moción era política e agora esta parece que non o é.

Continúa dicindo que a posición do seu grupo vai ser de abstención con respecto a esta moción. Di que a poderían apoiar se incluía unha serie de aspectos nos que parece que houbo unha ampla coincidencia no arco parlamentario, hoxe mesmo no debate da aprobación do decreto, pero que lles parece unha moción carente de moitas cousas.

Expón que non é só o tema das pensións, que tamén se podería facer referencia, por exemplo, a que no caso galego a media das pensións contributivas que perciben os pensionistas xubilados está varios puntos por debaixo da media do Estado, co cal vai ser aínda máis grave. Pero o problema non é só ese, o problema é cargarlle aos de sempre, aos que están controlados, como son os pensionistas e os funcionarios, o peso e o pago dunha crise que en absoluto tiveron nada que ver en provocala.

Parécelles que esa sería unha cuestión importante, pero ademais cren que todos son conscientes de que hai unha situación realmente má, de crise moi grave, que probablemente vaia para moito tempo, e pensa que todos e todas son conscientes de que son tempos de apretarse o cinto, de que aquí vains tocar a todos, fóramos culpables ou non do que está ocorrendo, que lles vai tocar a todos. Pero pensa que probablemente toda a poboación e o conxunto das forzas políticas, e dende logo a súa, serían moito máis sensibles ás medidas de austeridade e de apertarse o cinto se tamén se deran outro tipo de alternativas, ou se aprobaran outro tipo de vías para conter o gasto e para solucionar a crise, medidas que non se adoptaron e que tamén botan en falta que non se mencionen nesta moción.

Di que hai varias, que non se trata só de dicir que non á conxelación das pensións ou non á baixada de salarios aos funcionarios, senón que tamén hai que establecer nos tramos altos do IRPF medidas progresivas para unha maior recadación, para as grandes fortunas e para a xente que ten rendas máis elevadas. Que as medidas de austeridade poderían comezar pola eliminación dunha estrutura ministerial que en moitos casos é inútil, fundamentalmente porque non ten competencias, porque están transferidas ás comunidades autónomas.

Continúa dicindo que tamén botan en falta, por exemplo, unha proposta que fixo o BNG hai moi poucos días, unha cuestión na que tanto o PP como o PSOE estiveron en contra, que era empezar por anular estruturas administrativas que son inútiles, que son obsoletas e que camiñan cara á súa paulatina desaparición, como son as deputacións provinciais, non mañá, pero si hai que comezar a tomar medidas, porque aquí o que se trata non é de solucionar o problema do déficit de hoxe, senón de empezar a tomar medidas de racionalización da estrutura política, administrativa e xurídica do Estado para que estas cousas non volvan ocorrer.

Pero di que hai moutas cousas máis. Pregunta por que non se meten a fondo coas SICAV, e lles eliminan ou lles suben dunha maneira fundamental ese 1%, que é o que tributan as grandes fortunas que invisten aí miles e miles de millóns de euros. Pregunta por que non se reduce o gasto militar, por exemplo, esas misións aventureiras que temos que pagar por erros doutros, por exemplo no caso de Afganistán.

Conclúe dicindo que se todas esas medidas viñeran reflectidas na moción, probablemente poderían contar co apoio do BNG, porque polo que ten escoitado nalgún debate pensa que podería haber facilmente un consenso e un apoio, pero se non é así, simplemente o que lles parece é o que antes se botou en cara á anterior moción, que é que se trata da utilización política dun tema, e ademais dunha maneira moi definida, moi puntual, destinada a un determinado sector da poboación. O BNG hai xa moitos días, dende que se anunciaron cales eran as medidas, amosou a súa posición, e estaría disposto a apoiar un documento no que se contemplaran todas, e non só a que recolle a moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo non está en contra da moción do PP en si, aínda que ten algunhas contradicións, como cando se di que se carga o Pacto de Toledo e logo máis adiante nun dos puntos pide que se convoque. Tamén lles parece demasiado xenérica porque realmente as medidas tomadas polo Goberno van a repercutir a moitas máis persoas que aos 5 millóns de pensionistas, pero eles, de todas as maneiras, van votar a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que xa o dixo noutra ocasión, cando se presentou algunha moción deste tipo, que el vén aquí a facer política local, política municipal, que non dan arranxado a súa casa e queren arranxar en Madrid. Polo tanto, xa o manifestou noutras mocións parecidas que se presentaron por partidos representados a nivel nacional, que non está de acordo con ese tipo de política, e que todos saben o que está pasando.

Continúa dicindo que tampouco entende o que acaba de escoitar de que por un lado se pida que se eliminen ministerios ou consellerías, que se eliminen as deputacións e que, por outro lado, todos estean aprobando darlles carga de traballo. Nestes últimos meses teñen exemplos, hoxe mesmo acordaron transferir a xestión catastral porque así ao concello vaille saír gratis, cando estaba a custarlle 13.000 euros. Iso parécelle ben, pero se lle están dando carga de traballo, por un lado non poden dicir que lles van dar traballo como é a xestión do IBI e todas esas cuestións e por outro lado dicir que deberían desaparecer.

Conclúe dicindo que non o pode entender, que hai que ser coherentes, e que o seu voto vai ser de abstención, porque el aquí non vén facer política nacional, habería que arranxar moito aquí sen ter que dedicarse a outras cousas.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que o seu grupo vai apoiar esta moción xa que é certo que podería ser moito máis completa, máis ampla, pero dende logo recolle dous puntos polos que el cre que deberían velar, que é que as pensións non perdan valor e, dende logo, que se manteña o futuro da Seguridade Social, que tamén é un punto clave para a xente. Por todo isto dí que voto do seu grupo vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que o seu voto tamén vai ser a prol da moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstéñense os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dezaseis votos a prol, acordou aprobar a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU-IU, para a reprobación do decretazo do Goberno e redución do custo económico da estrutura política no Concello de Cambre. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstéñense os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a corporación, por dez votos a prol e once abstencións, non ratifica a urxencia da moción presentada por EU-IU, por non ter acadado a maioría absoluta esixida nos artigos 99.4 e 108.5 do Regulamento orgánico municipal e, polo tanto, non procede o seu debate.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que están observando como unha das mocións de maior calado presentado ao longo destes anos, estase retirando pola falta de apoio. Di que aquí moito se vén a falar de rebaixas de soldos, de rebaixas de salarios, de medidas a tomar, e agora que chega a hora de presentar unha moción sofre o seu rexeitamento, nin deixan que se trate. Parécelle totalmente lamentable pero, de todas maneiras, aínda que non se vote a moción, pídelle ao Sr. alcalde permiso para lela, porque cre que ten un inmenso calado.

O Sr. alcalde manifesta que se non se vai tratar, tampouco se vai ler.

Don Luis Miguel Taibo Casás roga que lle permita lela, como ocorreu en determinadas mocións. El non quere ser menos, porque a xente que está presente ten dereito a ver o que reflicte a moción.

O Sr. alcalde contesta que non se vai ler porque non se vai tratar, queda fóra da orde do día.

Don Luis Miguel Taibo Casás quere que conste que unha moción onde o seu grupo propón a redución dos salarios de cargos con dedicacións exclusivas e medias dedicacións, e de diñeiro por asistencias a órganos colexiados, o Sr. alcalde non deixa que se lea, que a xente de Cambre, a xente presente, coñeza o que se recolle na moción, e os demais tampouco permiten que se trate a moción.

O Sr. alcalde di que non se vai tratar, que nestes momentos están todos os grupos políticos representados na FEGAMP tratando o tema dos salarios, e eles van ser respectuosos e van acatar o que dese acordo saia. Di que dentro duns días haberá unha reunión dos voceiros, porque teñen tamén que tratar o tema dos salarios dos funcionarios, e que non se preocupe, que tempo haberá de facer unha moción ou proposta.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el si se preocupa, porque as recomendacións dadas pola FEGAMP tratan exclusivamente do que son os salarios, pero iso é un acordo de mínimos, e eles queren complementalo coa redución de axudas de custo por asistencias. Ese é o tema da moción tamén.

Conclúe dicindo que segundo dixo o Sr. alcalde o outro día, parece ser que eles non fan nada e que veñen nada máis que a cobrar, e nin sequera lles dan a oportunidade de poder presentar unha moción.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el non se abstivo na votación da urxencia porque fora unha moción de EU-IU, do PP ou de ninguén, senón que se abstén en todas. Cre que é hora de facer a reforma que teñan que facer, no ROM ou onde sexa, para que estas cousas non ocorran, para que cando se presenten as mocións no prazo nas que se teñen que presentar, en tempo e forma, non teñan que facer este tipo de votacións. Cre que para aquelas mocións presentadas en tempo e forma non teñen que facer ese tipo de votacións, que se trate e xa está, se a teñen que presentar 20 días antes para metela no pleno, na orde día, entón 20 días antes. Di que está ben que estas cousas pasen para ir espelindo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que a moción presentouse en tempo e forma, o que pasa é que é preceptivo votar a urxencia da moción. El quere que quede clarísimo iso, que a moción presentouse en tempo e forma, o venres pasado e pídelle á Sra. secretaria que o confirme.

A secretaria da corporación confirma que así foi.

Don Luis Miguel Taibo Casás reitera que é preceptivo votar a urxencia, pero que é unha moción que se presentou en tempo e forma o venres pasado, que todos os grupos tiveron a oportunidade de ler e volvela ler, e agora, por culpa dunha abstención non se vai tratar. Iso está claro, e que cada un asuma as súas responsabilidades.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que non permite que se lle culpe a el, que é un único concelleiro, que se lle culpe de todos os males que hai cando teñen lugar as votacións. Di que el ten un voto e que os demais teñen máis de un, pero parece que el sempre ten que ser o culpable cando hai empates, e así resulta que o que menos ten é o culpable de todos os males que pasan no concello.

Continúa dicindo que xa lle pediu noutra ocasión á Sra. secretaria que explicase o motivo de ter que votar a urxencia, e se ben reconece que a moción foi presentada en tempo e forma, el non está de acordo con que sexa preceptivo que haxa que votar a urxencia, por iso se abstén en todas. Di que se hai algunha forma de reunirse e modificar ese artigo, entón que o diga a Sra. secretaria, se a lei o permite ou non o permite, pero que el vai seguir mantendo a súa abstención aquí e en todas as mocións que se presenten

en tempo e forma. Só votará a urxencia daquelas que, polo motivo que sexa, se presenten fora de prazo, pero das que se presenten en prazo el non vota a urxencia nunca.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que nunha das intervencións do Sr. Taibo, este dixo que EU-IU presentou a moción e que os demais non permiten que se discuta, pero dille que iso non é correcto, porque o PP votou a prol da urxencia e ía votar a moción. Di que, polo tanto, o PP está de acordo coa moción que presenta EU-IU, totalmente de acordo.

8º Informes da Alcaldía

Faise constar que este punto foi tratado ao final da sesión, unha vez finalizado o punto noveno de rogos e preguntas, xa que por un erro alterouse a orde do día.

9º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 7184 o día 21 de maio de 2010.

1º Na estrada N-550, ao seu paso por Sigrás e Altamira, o tráfico incrementouse notablemente, o que provoca unha maior perigosidade para os viandantes, xa que non existe ningún semáforo nin paso de peóns. Rogamos ao goberno local nos informe das medidas que ten pensado adoptar para mellorar a seguridade viaria na zona.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, ás veces, tal e como redactan as cousas, complícanlles un pouco a resposta. Di que falan de que o tráfico se ten incrementado notablemente, el non sabe de onde sacan eses datos, pode ser por apreciación, pero non teñen datos oficiais de que houbera incremento de tráfico, porque tampouco din dende cando. El cre que a N-550 é unha estrada que ten moitísimo tráfico, dende hai moitísimo tempo, e dende logo a eles non lles consta formalmente que haxa un incremento, o que si lles parece é que é de abondo o que hai.

Tamén fala o PP de que non existe ningún semáforo nin paso de peóns, cando eles teñen contabilizados sete pasos de peóns entre Sigrás e Anceis, collendo dende A Pena, que é onde hai o primeiro, no cruzamento da Pena hai un paso de peóns con semáforo. Hai dous pasos de peóns con semáforo, e hai outros cinco sen semáforo, tres no núcleo de Altamira, un diante da igrexa do santuario de Altamira, dous no cruzamento da Rocha, que poderían ser tres se consideraran como tal paso o da estrada provincial, onde desemboca a estrada da Deputación que vén dende Cambre, e despois o paso da Pena.

Efectivamente onde menos pasos de peóns hai, con semáforo ou sen el, é no tramo entre A Rocha e o cruzamento da Pena, só hai un. No outro lado, dada a categoría da estrada, parece que o número é bastante suficiente, mesmo opinan os técnicos que os tres pasos que hai no núcleo de Altamira, máis alá de ser bos para a seguridade viaria, probablemente sería cuestión de pensar en reducilos por razóns técnicas que eles explican, que el tampouco chegou a entender moi ben, pero falan de que son tres pasos demasiado próximos que dificultan as cuestións de seguridade.

Continúa dicindo que, sen entrar niso, no tramo entre A Rocha e Sigrás, na zona de Enxertos, está pendente e aprobado, e iniciada a expropiación, un proxecto de mellora do cruzamento da rotonda con carrís de servizo e están esperando por iso. Supón que aí estarán todos de acordo en demandarlle a Fomento que dunha vez por todas licite esa obra que levan esperando tantos anos.

En todo caso, di que tal e como formulan a pregunta de que non existe ningún semáforo nin paso de peóns, non é así, hai sete pasos, dous deles con semáforo, precisamente.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que, efectivamente, o Sr. Iglesias nomeou perfectamente onde están os pasós de peóns, pero que iso ela xa o sabe e os veciños tamén. Pero di que o Sr. concelleiro non nomeou onde non os hai, nin onde non hai semáforos.

Di que o incremento do tráfico non é algo que eles se imaxinen, e supón que o Ano Xacobeo algo terá que influír na N-550.

En canto ao tema dos semáforos, antigamente había uns semáforos na zona de Altamira, e parece ser que ao Sr. concelleiro non lle parece correcto que se solicite a Fomento que se volvan a instaurar, ou que funcionen. Para o Sr. Iglesias parece que está perfectamente o tema da seguridade viaria dende Altamira ata Sigrás.

Pregúntalle se non hai nada que mellorar, porque non hai ningún paso de peóns na zona de Enxertos, en Sigrás, onde os nenos pasan para os colexios e hai xente que agora mesmo ten que esperar máis de media hora para poder cruzar e, noutras zonas, igual. Pensa que non é imaxinación dela, senón que é algo que se pode analizar tranquilamente e solicitar a Fomento que mellore esa zona.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o problema é redactar as cousas buscando titulares de prensa, porque se na pregunta din que non hai ningún paso de peóns, el dille que hai sete, se o que lle pregunta é se os considera suficientes, a resposta que lle dá é que non. Pero iso non foi o que lle preguntaron, o que lle están afirmando para buscar un titular de prensa é que non existe ningún paso de peóns, nin semáforos, por iso el lles di que hai sete e que dous deles teñen semáforo.

En canto aos semáforos que había en Altamira non eran para regular o paso de peóns, eran semáforos de aviso, de radar, para pechar o tráfico, pero que por iso non lle preguntou. Di que lle mandaron a Fomento unha reclamación para que, ou ben os arranxe, ou os desmonte, porque están deteriorados, un deles de feito caeu xa hai algún tempo. Xa está comunicado, pero por iso non lle preguntaron.

En canto ao incremento de vehículos, do tránsito, insístelle en que el tamén cre que esa estrada ten moitísimo tránsito, pero non sabe de onde saca a Sra. concelleira do PP cifras do incremento notable, nin desde cando o fai, porque cando se fala desas cousas hai que dar os datos e hai que demostralos. Probablemente sexa certo, pero pregúntalle de onde saca os datos de que hai un incremento de vehículos, pregúntalle se é que hai 10.000 vehículos diarios máis que noutra ocasión.

Conclúe dicindo que a N-550 ao seu paso por Sigrás e por Altamira é unha estrada do Ministerio de Fomento, non é unha estrada de competencia municipal.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel sinala que a pregunta era se teñen pensado tomar algún tipo de medidas para mellorar a seguridade viaria, esa era a pregunta, e no que se refire á súa redacción di que lle pedirá asesoramento ao Sr. Iglesias para a próxima vez.

2º Os veciños do número 29 da rúa Curros Enríquez do Temple amosáronnos o seu malestar polas actividades que están desenvolvendo varias persoas nos baixos do edificio. Segundo puidemos comprobar estas persoas están acumulando vehículos e chatarra no local sen ter os preceptivos permisos para facelo. Así mesmo, os veciños comunicáronnos que, pese a que se está facendo uso dos elementos comúns estes néganse a pagar as súas cotas da comunidade, aínda cando teñen provocado estragos no portal en varias ocasións e, incluso, teñen provocado destrozos no baixo lindeiro e ocupárono sen ter autorización para facelo. Rogamos nos informen deste problema.

O Sr. alcalde contesta que este tema ten un expediente aberto co que se pretendía e no que se ordenaba a suspensión da actividade nese almacén. Neste momento está a Policía pendente de comprobar se seguen facendo esa actividade, cre que foi esta mañá cando estiveron por alí, pero que non puideron entrar porque non había forma de chegar adentro. En todo caso hai veciños que din que agora notan que mermaron moito a actividade que estaban facendo.

Sinala que van pedir autorización para a vindeira semana poder efectuar unha visita pola Policía e polos técnicos e, dende logo, o que van tomar son as medidas necesarias para restablecer a legalidade, dunha maneira ou doutra. Conclúe dicindo que, como xa comentou, o informe que ten é que agora, polo menos, teñen parado algo o ruído e a actividade.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que é curioso que os mesmos veciños que se dirixen a eles para que formulen este rogo, ao Sr. alcalde dinlle que notan unha merma nesa actividade, cando menos é curioso.

O Sr. alcalde sinala que el acaba de dicir que a el llo dixo a Policía municipal, que detectan que hai menos actividade que antes.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que o detecta a Policía, que os veciños detectan o contrario, en calquera caso, probablemente se lle poda preguntar aos veciños. Di que ademais isto non é unha cuestión que empezase hoxe ou o mes pasado, senón que están falando de anos, de varios anos, de máis de cinco anos, polo tanto o Sr. alcalde non lle pode dicir agora o que lle está dicindo, por iso lle pregunta se ten pensado facer algo para solucionalo, non o mesmo de sempre.

O Sr. alcalde responde que claro que si, que hai un expediente, vaise facer unha inspección, e van tentar que se cumpra a legalidade toda, se pode ser a semana que vén non tardar 10 días.

O Sr. Cubeiro Martínez pregunta se hai algunha explicación para que isto leve tantos anos atrasado e nesta situación.

O Sr. alcalde contesta que hai un expediente administrativo, que el preguntou onte por el e así é como está, iso é o que sabe. Agarda que en poucos días se trate.

3º Rogamos se amplíe o programa Mañanceiro a todos os colexios de educación infantil e primaria do concello.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que non se pode ampliar a máis colexios porque todos os colexios teñen ofertado o programa Mañanceiro, todos, o único onde non estaba en funcionamento nestes cursos pasados era o colexio de Brexo-Lema, porque non había solicitudes suficientes, había unha ou dúas solicitudes e entón no se poñía en marcha, pero en todos os demais está funcionando. Di que non é por falta de oferta do concello, senón por falta de solicitudes, nada máis, e que todos os anos, a todos os colexios, se lles oferta o programa Mañanceiro.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o Sr. Lisnier sabe ben que hai escasas horas estiveron reunidos con varios pais dos nenos que se quedaron sen praza no colexio do Graxal, varios deles segundo os datos que manexa o concelleiro de Educación, cinco ou seis, van mandar aos seus fillos ao colexio de Brexo-Lema, e todos saben que ese é o único colexio que non ten o programa Mañanceiro, por iso solicitan que se amplie a todos, porque non son todos, son todos menos un, o Brexo-Lema.

Di que o que pide e roga o PP é que se amplíe ese servizo, xa que entenden que hai pais que van sufrir unhas graves consecuencias por non ter praza no colexio que lles corresponde, e o concello ten que facer un esforzo, aínda que sexa económico, para apoialos. Iso é o que exactamente solicitan.

Don Jaime Manuel López Lisnier responde que lle volve repetir que todos os anos se oferta o programa Mañanceiro en todos os colexios, incluído o de Brexo-Lema, se ata agora non funcionou foi por falta de solicitudes. O que non lle poden dicir, falando dunha forma demagóxica, é que non invisten diñeiro, cando acaban de investir preto de 7000 euros en axudar á Xunta que dicía que non tiña ese diñeiro, para poñer os módulos que van utilizar como comedor, dende o concello tiveron que facer a base, a conexión das augas fecais, e a conexión da auga. É algo que tivo que custear o concello, cando era unha cousa da Xunta.

Di que non é cuestión de diñeiro, que ata agora o problema aí foi cuestión de falta de solicitudes suficientes para o programa Mañanceiro, nada máis, non hai outra cousa. Todos os anos se oferta o programa nos cinco colexios.

Don Felipe Andreu Barallobre pregunta se o Sr.concelleiro está a dicir que hai escasamente unha hora, ou unha hora e media, lles dixo aos pais que si, que ía flexibilizar para que no caso de que non se chegara aos dez nenos, buscar a maneira de que se instaurara o programa Mañanceiro no colexio Brexo-Lema. Iso díxoo, porque el tamén estivo nesa reunión, e agora di que non o vai facer, non o entende.

Don Jaime Manuel López Lisnier responde que el non ten dito tal cousa, o que dixo foi que se vai volver ofertar, e aos pais o que lles dixo foi que, se eran oito solicitudes en lugar de dez, que o porían igual. Se son dous ou tres, loxicamente iso é imposible de manter, para dous ou tres nenos é imposible manter un programa cuns monitores e demais.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que iso era o que quería que dixera e que constara en acta.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que iso foi o que lles dixo aos pais.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 7199 o día 21 de maio de 2010, xunto coa moción e as preguntas.

1º O noso grupo por medio dun escrito entregado no rexistro municipal con data de 3 de xullo de 2008, solicitaba información sobre a instalación de paneis publicitarios.

Pregamos unha vez máis se nos facilite información sobre a petición mencionada.

O Sr. alcalde contesta que se fixeron unha serie de inspeccións polo concello, abríronse unha serie de expedientes urbanísticos, algúns deles están arquivados, outros están legalizados e outros están en tramitación. En todo caso esta información foille facilitada polo técnico de administración xeral, don Fernando Garrido, e se queren algún dato máis aí está. Di que ás veces hai paneis publicitarios pequenos que non pagan taxas polo custo, pero os grandes paneis, en principio, deben estar case todos, ou todos, controlados.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o que el pide neste rogo é que lles faciliten a información que pediron no ano 2008, nin máis nin menos. Pediron cinco temas e eses cinco temas son os que solicitan que lles entreguen por escrito, segundo entregaron eles. Ese é o rogo.

2º Nas inmediacións do instituto David Buján nos Campóns, son numerosas as persoas que diariamente cruzan a estrada CP-1702, sobre todo as que proceden do lugar do Souto, que acuden ao centro de ensino e pavillón polideportivo, tendo que atravesar a dita estrada sen contar coas mínimas medidas de seguridade que debería existir.

Unha vez máis o noso grupo prega que coa maior urxencia, se realicen os trámites necesarios para a instalación dun paso de peóns, e a sinalización correspondente, para dotar ao lugar de sinais de precaución, e dos elementos tecnicamente necesarios para minorar o risco de perigo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que están de acordo na cualificación da situación que hai naquel lugar, e que a cuestión do paso é unha cuestión que van tratar coa Deputación para ver de que maneira se pode solucionar. En todo caso, de maneira rápida, van tentar mellorar pola súa conta o que é a sinalización e a iluminación no propio cruzamento, e falarán coa Deputación a ver como se pode solucionar o tema dun posible paso. Os que coñecen aquilo saben que é difícil pola topografía, por como está aquel entronque, pero di que falarán coa Deputación.

3º O noso grupo municipal ten trasladado ao goberno local a preocupación dos veciños/as de Bribes, sobre a instalación de iluminación pública do tramo da ponte da presa de Cecebre correspondente ao Concello de Cambre.

Pregamos ao goberno local nos informen das xestións realizadas para dar solución ao problema.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non é a primeira vez que se toca este asunto. Di que el está en contacto persoal con representantes de seis ou sete asociacións

da parroquia, encabezadas pola asociación de veciños, e deste tema da iluminación na ponte que cruza cara a Abegondo, nunca se recibiu ningún tipo de reclamación.

Pensan que, polo que lles indican representantes veciñais de alí, e polo que ven eles, que non é un asunto prioritario, é máis, esa ponte pertence a unha estrada que é da Xunta de Galicia, que non é do concello, por tanto sería algo raro que dende o concello se fora poñer alí a iluminación. Atravesa un espazo natural da Rede Natura e pensan que hai bastantes razóns, ou polo menos bastantes dificultades, ademais de que, como dixo, non teñen detectado demanda por parte dos representantes das diferentes entidades que hai alí na parroquia. Hai pouco máis dun mes que tivo unha reunión con todos eles para tratar diferentes temas da parroquia e, en ningún caso, saíu o tema da iluminación desa ponte.

Conclúe dicindo que eles en principio non o teñen como unha cuestión prioritaria dentro das intervencións en infraestruturas urbanas, de iluminación e de seguridade que hai que facer por aquela zona.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que el non está pedindo que sexa o concello quen faga esa obra, senón que el pide ao goberno que xestione ante a Xunta de Galicia, ou ante quen proceda, para que se instale a metade da iluminación que hai nesa ponte. Di que a eles si lles faláron veciños da deficiencia que existe e que todos poden comprobar, hai unha ponte bastante extensa, a metade ten iluminación e a outra non. Cre que simplemente por seguridade habería que facelo, evidentemente haberá que dicírllo á Xunta ou a quen proceda, e son os responsables do concello os que llo teñen que dicir, porque son os que teñen que defender os intereses dos veciños de Cambre.

Conclúe dicindo que na vez anterior que preguntou tíñalle contestado o anterior responsable que se ía tramitar este tema. Por iso el pide información de se teñen realizado algún trámite.

Rogos do GM (PG) presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 7238 o día 24 de maio de 2010.

1º Rogo se informe para cando ten pensado o goberno municipal iniciar a roza nas marxes das vías municipais.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que está en contratación e agardan que aproximadamente en quince días comezará o traballo.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), sinala que fai boa falta porque hai algunhas estradas municipais nas que máis da metade da estrada está absorvida pola maleza. É un tema urxente.

2º Rogo se informe para cando ten pensado o goberno municipal presentar o proxecto para construción de beirarrúas entre Fabás e A Castellana.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que están pendentes, cre que xa o teñen comentado en máis dunha ocasión, tiñan encargado unha memoria técnica para a partir dela dar os seguintes pasos, primeiro que os propietarios asinasen as cesións de terreos necesarias, despois que por parte da Xunta se conceda autorización con base nese proxecto técnico, e finalmente licitar a obra necesaria.

Di que en canto teñan a memoria van iniciar xa o contacto cos propietarios das parcelas lindeiras para que firmen as cesións. Supoñen que en poucos días lles entregarán esa memoria técnica, e non hai ningún inconveniente, por suposto, en ensinala.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que agarda que sexa nesta lexislatura.

3º Rogo se informe das xestións feitas polo goberno municipal para solucionar os problemas de licenza de apertura que teñen moitos locais comerciais no municipio de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que é verdade que hai comercios e negocios que se abren sen ter a licenza, pero tamén é verdade que se está traballando moito, o xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior ampliou o persoal pero hai unha grande cantidade, estase axilizando bastante. Di que ás veces non é só por culpa do concello, senón que se pide documentación aos propietarios, tardan en traela e ás veces deixase abrir negocios que non se debía. De momento tolérase, pero está claro que teñen que comezar a curtar.

Conclúe dicindo que segundo lle informou o xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior están saíndo bastantes dos que estaban pendentes de hai un par de anos.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que falta fai porque hai aproximadamente un ano fíxolle a mesma pregunta e a contestación foi que non sabía de ningún. Polo menos agora estase mirando algo, e di que el se aleda de que sexa así e de que se vaian solucionando, na medida do posible, todas esas deficiencias.

A continuación, o Sr. alcalde informa de que se vai dar paso ao apartado de preguntas, ante o cal dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que ela tamén presentou rogos para este pleno. Tanto a secretaria da corporación como o Sr.

alcalde infórmanlle de que non consta no expediente do pleno ningún rogo presentado no seu nome.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín sinala que, en todo caso, poden contestarse por escrito e solicita permiso para darlles lectura.

O Sr. alcalde concédelle permiso para facelo.

Rogos da concelleira non adscrita

1º En Sobreguexe (zona do cruceiro) as beirarrúas están nun estado lamentable, a maleza cubre gran parte delas e en varios tramos faltan losetas ou están rotas, este estado de abandono pon en perigo a seguridade dos transeúntes, rogo ao departamento responsable que arranxe esta situación.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta se coñecen a zona e tramo do que fala e se lle contestarán por escrito.

O Sr. alcalde contesta que si o saben, e que ademais saiu a foto hai uns días na prensa.

2º Rogo se me informe en que punto se atopan as seguintes actuacións incluídas no plan Arume.

- Creación da rede wifi municipal.
- Rexeneración urbana Campo da Feira.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín sinala que algo xa sabe polo que sae hoxe en prensa.

3º Rogo se me informe de cando comezarán os traballos de limpeza e roza de cunetas e camiños municipais.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín manifesta que esta pregunta xa a dá por contestada.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 7177 o día 21 de maio de 2010.

1ª Que proxectos ten pensado desenvolver o equipo de goberno para promocionar o Camiño Inglés ao seu paso polo Concello de Cambre? E como valora a andaina institucional que se celebrou hai unhas semanas?

Dona Gumersinda Becerra Montes contesta que a través da participación do concello no Plan de dinamización do produto turístico da Coruña e a súa área metropolitana, teñen

en marcha dous proxectos considerados de investimento directo. Un é o Plan de sinalización turística que consiste en sinais de dirección que indican o Camiño de Santiago e que están postas xa, pode que non estean todas porque aínda non teñen comunicación da empresa encargada de que remataran xa, pero di que ela xa comprobou que por Sigrás hai.

Outro dos proxectos é a posta en valor do Camiño Inglés ao seu paso por Cambre. Este é un proxecto de 260.000 euros, financiado integramente con este plan e, neste momento, xa contan con autorización da Deputación. Onte mesmo o Sr. alcalde asinou a aceptación da cesión do espazo que ocupa o cruceiro de Anceis, e poden consideralo xa público. Este proxecto engloba máis actuacións ao longo do camiño. Á parte do cruceiro de Anceis preténdese facer unha praza pública, seguindo o percorrido contrario, é dicir en dirección á Coruña e non a Santiago, hai actuacións diante da igrexa de Sigrás, na fonte de Sobrecarreira, no cruceiro do Souto e na encrucillada dos seis camiños.

En canto a outro tipo de actuacións, a nivel de difusión, están preparando para o mes de setembro unha andaina para a cidadanía discontinua, aproveitando sábados e incluso é probable que algún domingo, con percorrido a pé e volta en autobús a Cambre, para reiniciar o día seguinte onde se iniciou, e o terceiro día pretenden facer unha xornada de lecer, cun xantar conxunto e a posibilidade de que o que queira participe na misa do peregrino.

Di que fixeron xa unha andaina institucional coa que se pretendía a posta en valor do Camiño Inglés, un pouco contraposto ao Camiño Francés que é o que recibe sempre o apoio do Plan Xacobeo. Tamén estaban elaborando folletos de difusión acerca do Camiño ao seu paso por Cambre coa intención de poñelo en funcionamento unha vez que se iniciara o Xacobeo, pero antonte chegoulles a comunicación da Xunta de que xa o facían eles. Di que todo ese material está no museo, a disposición de todo o mundo.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que ela simplemente quería que lle dixera que valoración lle pareceu que tivo a andaina institucional que houbo en Cambre, porque aos distintos grupos lles tiñan presentado unha invitación, cun proxecto, cun xantar na igrexa de Sigrás, e logo alí non houbo ninguén, non chegou ninguén. Gustaríalle saber os motivos de por que non se celebrou esa andaina e por que non se promocionou máis.

Dona Gumersinda Becerra Montes contesta que si se celebrou.

Dona M^a Jesús González Roel sinala que si, pero que eran dúas persoas do PP, eles polo concello, a Garda Civil e Protección Civil, e pouco máis.

Dona Gumersinda Becerra Montes responde que era unha andaina institucional e que igual a culpa foi dela por non transmitir ben a información, pero tamén é certo que

ninguén lle preguntou. Di que foi un acto protocolario, unha peregrinación simbólica, un concello pasaba o testemuño ao seguinte. Cambre recibiu aos representantes de Culleredo, recibiron deles o testemuño e despois eles pasaron aos representantes de Carral. Pregunta se o fallo foi que ían ter unha comida, entón igual si, pero realmente o testemuño que eles pasaban eran dúas persoas.

Dona M^a Jesús González Roel di que claro, que non había ningúen.

Dona Gumersinda Becerra Montes pregunta quen tiña que haber, que a invitación era para a corporación.

Dona M^a Jesús González Roel sinala que o que poñía era que “a comitiva de Cambre recibirá aos camiñantes na ponte da Xira de Sigrás”, ou sexa, que o anuncio non ten nada que ver co que se fixo. Non foi ningúen, non se lle deu importancia de ningún tipo e tal e como está o estado do camiño xa se reflicte todo o interese que ten Cambre no Camiño de Santiago.

Dona Gumersinda Becerra Montes dille que pensa que está equivocada, que non é Cambre, ela estivo falando do Consorcio do Camiño Inglés, e se a opinión da concelleira do PP é que foi horroroso, entón encargárase de comunicar a opinión do PP de Cambre ao Concello de Cabanas, que é o que preside este ano o Consorcio do Camiño Inglés, e que el, á súa vez, lle transmita esa opinión ao resto de concellos membros. Iso se lle parece ben á voceira do PP.

Dona M^a Jesús González Roel manifesta que o que a ela lle parece ben é que faga o seu traballo, que manteñan o camiño, porque ardeu unha casa alí en Sigrás, a casa está totalmente en ruínas e nin sequera está sinalizada, todo tirado no medio do camiño e non son capaces nin sequera de quitar os restrollos que deixaron alí da casa queimada. Di que esa é a intención e as gañas de traballar que se lles notan.

Dona Gumersinda Becerra Montes di que non sabe do que lle fala en relación co Xacobeo e o Camiño Inglés. Pregúntalle á concelleira do PP de que lle fala, se é de Protección Civil.

Conclúe dicindo que pensa que teñen distintos puntos de vista, e que non entendeu moi ben a pregunta.

Dona M^a Jesús González Roel manifesta que a próxima vez , para redactala, irán falar co BNG.

Dona Gumersinda Becerra Montes pregunta se é que quería falar dunha casa que se queimou, porque entón que comezara por aí. Di que sinceramente non sabe o que quere dicir.

Dona M^a Jesús González Roel dille que o olvide, que o deixe.

Dona Gumersinda Becerra Montes contéstalle á Sra. González que olvida o que quere, e pregunta se seguen.

Dona M^a Jesús González Roel sinala que cre que o espectáculo xa está montado e que poden continuar falando despois, porque este non é lugar para dar un espectáculo aos veciños.

Dona Gumersinda Becerra Montes di que non sabe se repetir outra vez o que dixo sobre a valoración da andaina municipal.

O Sr. alcalde chama a atención a unha das señoras presentes entre o público e advírtelle que xa interrompeu a sesión tres veces, e que á proxima vai ter que botala da sesión.

2^a Ten pensado o goberno local dotar algunha biblioteca pública na urbanización do Graxal?

Dona Erundina Prado Arcay contesta que unha biblioteca pública no Graxal xa existe, unha gran biblioteca que está no paseo, fala da biblioteca dos Templarios. Di que iso non quita que, efectivamente, nun futuro poida haber outra biblioteca, por exemplo, cando desapareza o centro de saúde quizais sexa o sitio ideal para instalar outra biblioteca. En todo caso quere lembrar que teñen unha gran biblioteca.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que a biblioteca da que fala a concelleira está no Temple, non no Graxal, e eles estanse referindo ao núcleo urbano do Graxal.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que se procurará facelo, e repite que cando quede libre o centro de saúde, por exemplo, sería un sitio ideal para instalala.

Dona M^a Jesús González Roel explica que dende o seu grupo, á vista do local sociocultural do Graxal, pensaron que podería ser dedicado a unha pequena biblioteca infantil, fala do local que se usaba para exposicións, que é un local pequeno, pero serviría para unha pequena biblioteca infantil que quedaría no centro do Graxal.

Dona Erundina Prado Arcay responde que ese local ten un uso continuo todas as tardes para distintas actividades, de Servizos Sociais, da ANPA do colexio de enfrente. Ese local, e tamén o contiguo, están ao tope de actividades, e aí sería imposible.

A continuación, dona Erundina Prado Arcay solicita permiso ao Sr. alcalde para completar a resposta á pregunta anterior sobre o Camiño Inglés, porque ela estivo levando ese tema no seu momento. Di que hai un gran proxecto para a rehabilitación do

Camiño Inglés e que xurdiron unha serie de problemas de cesión de uso, sobre todo en Anceis, que demoraron un pouco a contratación, pero que os proxectos están aí, e pensa que quizais vaia ser o mellor tramo do Camiño Inglés da Coruña a Santiago. Os proxectos están aí, aprobados, e o orzamento, pero por unha serie de problemas que xurdiron, non se puido facer aínda a contratación e terminalo, pero que non o teñen abandonado en absoluto, porque xa non o estaba cando ela era a responsable, eses proxectos estaban feitos.

Dona M^a Jesús González Roel agradécelle a contestación, e dille que ela non se refería a que eses proxectos non estean ben, nin moitísimo menos, ela simplemente preguntaba que tipo de proxectos, e tamén quixo sinalar o abandono, o aspecto xeral.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que lle gustaría volver á pregunta das bibliotecas, que era a que estaban tratando, xa que pensa que a Sra. concelleira se estaba equivocando de aula. Di que o PP referíase á que hai entrando, a man esquerda, unha alongada. Pregunta se é desa da que falaba.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que é esa, onde estiveron os nenos de infantil o ano pasado, e aí agora están a ANPA facendo clases, tamén Sta. M^a do Temple facendo actividades, e cre que incluso de Servizos Sociais hai algunha actividade.

Don Felipe Andreu Barallobre di que esa é unha nova que se fixo a raíz da insonorización.

Dona Erundina Prado Arcay di que non, que iso xa estaba feito.

3^a Cal é o motivo polo que o goberno local rexeitou nos últimos catro anos instalar os paneis publicitarios solicitados polo Hockey Club de Cambre no polideportivo municipal dos Campóns?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que nunca se rexeitou instalar eses valos, pero que hai tres anos, ou dous anos e medio, presentaron por primeira vez esa petición, a el particularmente e cre que tamén ao Sr. alcalde. Ao principio dixeron que o custo podería supoñer sobre uns 10 ou 12.000 euros, pero cando comezaron a pedir orzamentos e valoracións, simplemente uns valos fixos, que no se poderían mover, saían sobre 20.000 euros. Ao ser fixos obstaculizaban outras actividades que se puideran facer no pavillón, e o único que dispoñía de posibilidades era o dos Campóns. Cando eran móbiles, os orzamentos que lles daban superaban os 23.000 euros. Estiveron vendo onde podían pedir subvencións, e agora mesmo están pedidas unhas subvencións conxuntas que saíron. Cre que se solicitaron uns 50.000 euros, para subvencionar unha parte da solera da pista de skate e eses valos. Di que son unhas subvencións que saíron da Xunta e que lle parece que acababa o prazo onte ou hoxe, e aí vai presentada a petición de 50.000 euros para eses dous equipamentos.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesca que llo transmitirán aos interesados.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 7199 o día 21 de maio de 2010, xunto coa moción e os rogos.

1ª Sobre a situación do Inventario municipal de bens. A lexislación vixente establece para todas as corporacións locais a obriga de formar un inventario de todos os bens e dereitos que lle pertencen.

En que fase se atopan os traballos sobre a elaboración do inventario de bens municipais do Concello de Cambre?

O Sr. alcalde contesta que se contratou o traballo e que xa se fixo a parte dos camiños, presentáronse os planos e demais, e agora está en Secretaría para o informe técnico co fin de ver cales son catalogados de públicos e cales non, pero iso xa está feito, agora depende un pouco do departamento de Secretaría e do departamento de Urbanismo que é o que ten que seguir as directrices para darlle forma.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que será o departamento de Urbanismo e moitos outros departamentos, porque el está preguntando polo Inventario de bens municipais, e iso comprende todos os bens municipais non só o inventario de camiños.

O Sr. alcalde responde que está falando de que o que agora xa está feito para ver é o dos camiños.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta se iso quere dicir que do resto non hai aínda nada feito.

O Sr. alcalde di que si que hai, pero que agora para ver xa con documentación completa está o dos camiños.

2ª Cara ao novo curso escolar: Despois de xuntarse a Comisión de Escolarización, único órgano competente para a asignación de prazas nos centros escolares.

Cal é a situación na que quedaron os rapaces e rapazas sen praza despois da súa baremación correspondente?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que no colexio Portofaro foron escolarizados 14 rapaces de 3 anos, 1 de 5 anos e 1 en 4º de primaria. No colexio Wenceslao foron

escolarizados 5 rapaces de 3 anos e 1 de 3º de primaria. No CEIP Emilio González López, que é o de Brexo-Lema, escolarizáronse 5 rapaces de 3 anos, 1 de 4 anos, 1 de 1º, 1 de 3º e 1 de 5º. No colexio do Graxal escolarizouse un rapaz de 5 anos, e no Torrente Ballester outro de 3 anos.

Di que aquí están incluídos xente que pedira fóra de prazo, non só os que quedaran nas listas. Despois hai outros rapaces que solicitaron praza nos colexios do concello, un de 6º de educación infantil que permanece no CEIP do que viña, que é o Rabadeira, e outro para 3º de primaria, eran dous irmáns. Hai outros que permanecen escolarizados no mesmo centro no que estaban, aínda que pediron cambio de centro aquí dentro do concello, pero ao non haber prazas, volveron a quedar no mesmo centro que estaban. Hai outros que a Comisión mandou 3 a Culleredo e 2 a Coruña, á Comisión de Escolarización da Coruña, porque o segundo colexio que pedían de opción era uns en Culleredo e outros na Coruña, e por iso se derivaron a eses colexios.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, di que, como é lóxico, a estas alturas están todos escolarizados con praza.

Don Jaime Manuel López Lisnier sinala que no que dixo pode haber algún cambio porque hai algún pai que está solicitando á Comisión de Escolarización cambiar de colexio se hai prazas, e iso estase tratando.

Don Juan Antonio Fernández López manifesta que el o que quere é recordar, e non por unha cuestión de oportunidade, senón por algo que considera é a súa obriga, que o próximo problema vai ser o tema do comedor, e sobre todo tendo unha especial sensibilidade con esas familias ás que non lles corresponde, como debería de ser se tivéssemos un sistema educativo mellor, o centro que lles corresponde por zona. Di que está falando dos nenos que van ter que ir a Brexo-Lema, por exemplo, e que por lei, por zona, lles correspondería O Graxal. Pide que se teña con eles unha especial sensibilidade, sobre todo intentar poñer todo o empeño posible, para intentar conseguir esas prazas de comedor que se demandarán, e o transporte escolar correspondente, para minimizar o máximo posible ese problema que ano tras ano veñen sufrindo.

Conclúe dicindo que quere brindar o seu apoio, como cre que é a súa obriga, e tamén de todos os grupos municipais que hoxe están aquí e, aínda que ao mellor o vindeiro ano son outros os que están, teñen que poñer todo o seu esforzo en conseguir outro centro xa, para evitar todas esas historias e malos momentos que pasan todos, e sobre todo as familias afectadas, que hoxe son unhas e o ano que vén van ser outras.

3ª No acondicionamento das instalacións deportivas en Meixigo mediante o Plan E, non se tivo en conta a dotación de servizos hixiénicos-sanitarios.

Pregamos ao goberno instale servizos públicos no mencionado lugar.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que ningunha pista deportiva ao aire libre ten servizos sanitarios a non ser que haxa algunha caseta ou local ao carón, é dicir non teñen servizos sanitarios públicos.

Di que é unha das cousas que poden mirar cara ao futuro, ver a forma de poñer algún servizo público, o que ocorre é que iso condiciona a ter persoas que os estean coidando todos os días, porque se non hai unha persoa que abra e peche pódense meter pola noite, etc.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que isto xa foi formulado noutra ocasión en relación con outro polideportivo no que os veciños demandaban uns servizos públicos. Nesa ocasión contestoulle o responsable de Obras e, efectivamente, díxolles o mesmo que dixo o Sr. Lisnier, a dificultade que hai de facer unha estrutura fixa, pero tamén se contemplou a posibilidade de meter uns servizos móbiles que cre que non son demasiado caros, sobre todo para momentos concretos, ver cando son os días de afluencia de xente e eses días levar uns servizos móbiles. Cando hai concorrencia de persoas teñen dereito a facer as súas necesidades nunhas mínimas condicións. Hai sitios incluso, como é Meixigo, nos que non hai ningún bar cerca. Pensa que procedería facer un esforzo e instalar en momentos puntuais, por exemplo cando haxa algún campionato, uns servizos móbiles neses sitios. Di que xa quedarán tamén en que na polideportiva de Pravio farían unha cousa parecida.

Preguntas da concelleira non adscrita presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 7215 o día 24 de maio de 2010.

1ª No pleno celebrado o pasado mes de novembro de 2009, a través dunha moción presentada polo grupo EU-IU (na cal solicitaba facer pública a declaración de bens de todos os representantes electos que compoñen a corporación municipal) o alcalde dá un prazo de dous meses para ter preparada a modificación do Regulamento orgánico municipal.

Pasados xa 6 meses, pódeme informar en que estado se atopa o dito proceso?

O Sr. alcalde contesta que é verdade que se ía iniciar polos servizos de Secretaría, pero todos saben que a secretaria da corporación estivo de baixa, e agora que xa está incorporada agarda que eses dous meses se recuperen, xa que é ela un pouco a que ten que realizar ese traballo.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pregunta se máis ou menos se sabe cando van comezar, ou se dentro duns meses vai ter que volver preguntar.

2ª Veciños da parroquia do Temple queíxanse da cantidade de vehículos abandonados na vía pública e xa sabemos todos os problemas de falta de aparcamento que sofre a dita zona, cal é a causa pola cal eses vehículos non son retirados?

O Sr. alcalde contesta que non son retirados porque ás veces falta espazo para situalos. Están estudando a posibilidade de levalos á parte de atrás da escola taller de Espírito Santo, porque levalos a un taller suporía un desembolso duns 20 euros por día.

Di que agora están vendo, despois das obras que se fixeron na escola-taller, na parte de atrás, de ver se poden depositalos alí. Están o enxeñeiro técnico municipal e a Policía mirando o tema, e agarda que se poidan meter alí.

3ª Ten o concelleiro responsable de parques e xardíns algunha valoración ou proxecto dos parques infantís que se van a renovar ou instalar nas distintas parroquias do concello?

Don José Francisco Parcero Rial contesta que dende o concello fixeron unha revisión a todos os parques que hai no concello e teñen unha valoración e un proxecto feito para actuar sobre eles. Di que, se a Sra. concelleira o desexa, nos vindeiros días pode pasarlle a documentación que teñen.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín responde que si lle gustaría.

8º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. presidente, dáse conta pola secretaria da corporación do seguinte asunto:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 7122 o día 20 de maio de 2010, procedente do Servizo de Recadación, Coordinación da xestión recadatoria, da Deputación Provincial da Coruña, no que se comunica que o pleno da Deputación, na sesión ordinaria celebrada o 30 de abril de 2010, aprobou a aceptación da prórroga da delegación das competencias en materia tributaria do Concello de Cambre. O dito acordo foi publicado no BOP núm. 89, do 13 de maio de 2010.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

Mª Luisa de la Red Ampudia